

UN VERÁN CHEO DE LECTURAAAASSSS


(A BIBLIOTECA RECOMENDA: A ALEMANIA
VAISE POR AQUÍ....)

A Feira do libro de Madrid 2011 ten como país invitado a Alemania; No pavillón infantil FLM11 hai unha exposición sobre literatura alemana “**A Alemania se va por aquí**”; da exposición e da información que alí obtivemos, entresacamos esta pequena selección de obras para vos recomendar como lecturas para estas vacacións de tal xeito que vos acheguedes a esta literatura europea un pouco descoñecida para nós.




Las aventuras de Barón de Münchhausen de Rudolf Erich Raspe (Ed. Anaya): É unha novela precedente das novelas de viaxes fantasiosas; está baseada nunha historia real, un ex-militar alemán que contaba delirantes aventuras nas que el era o protagonista. A súa viaxe á lúa nunha bala de canón ou os seus días no ventre dunha balea resultan unhas aventuras moi divertidas e irónicas.

La historia interminable de Michael Ende (Ed. Alfaguara) O protagonista é Bastian, afamado lector que le un libro roubado nunha librería que o leva a realizar unha viaxe ao reino da fantasía que precisa dos desexos para non ser destruído por Nada. Unha viaxe emocionante.



El señor de los ladrones de Cornelia Funke (Editorial Destino): Dous irmáns quedan orfos e viaxan desde hamburgo ata Venecia fuxindo dunha tía que pretende separalos; na viaxe atoparán unha curiosa pandilla de ladróns.

La cruzada de los niños de Bertolt Brecht (Editorial El jinete azul), Poema épico que relata a fuxida de un grupo de 50 nenos e un vagabundo no ano 39 ante a invasión alemana; unha viaxe dura na que está presente a solidariedade entre os nenos, o amor, unha viaxe trágica.



Viaje contra el viento de Peter Härling (Editorial SM): Despois dunha guerra moitos teñen que fuxir, os protagonistas están exiliados en Checoslovaquia pero deben chegar a Austria, unha viaxe de esperas e de momentos compartidos cos que nada teñen.

Reckless. Carne de pedra de Cornelia Funke. (Edicións Xerais). Jacob Reckless cometeu un erro: despois de moitos anos de precaución, seu irmán Will cruzou o espello e foi tras el... a un mundo no que os contos máis tenebrosos se volven realidade e no que a maldición dunha fada sementa carne de pedra.



Seix Barral Biblioteca Formentor



David Safier

Jesús me quiere



Jesús me quiere de David Safier. (Ed. Seix Barral) Unha comedia divina. Esta é a alocada vida de Marie, unha muller de 30 anos que despois de ser plantada polo seu mozo coñece a Joshua, un carpinteiro un pouco raro; mais el non é perfecto, na súa primeira cita confésalle que é Xesús.

El diente, el calcetín y el perro de Birte Müller. Álbum ilustrado. (Editorial Thule). Que Otto e Maya se atopen, vivan felices e coman perdices é un bonito e típico final para un conto, o que non é típico é que o seu can se convirta en astronauta e logo a terra se volva un calcetín.




Mimus de Lili Thal (Editorial Anaya). Cando o príncipe Florín viaxa á Festa da paz do reino Vinland, non sabe que se trata dun engano; Florín ve como seu pai e os seus seguidores son asoballados e encarcerados. El ten que se converter en bufón recibindo clases do mestre Mimus.



O perfume. De Patrick Süskind.(Editorial Sotelo Branco). A terrorífica historia dun asasino de rapazas na Francia do século XVIII; Grenouille “un dos homes máis xeniais e abominable da súa época” descobre e percibe o mundo a través do sentido do olfacto, capacidade que pode volveuse inquietante e perigosa.





Un clásico da literatura alemana: Solo en Berlin de Hans Fallada (Editorial Maeva). Berlín 1940. A cidade está paralizada polo medo pero o Quangel resístense a calar. Hans Fallada autor deste thriller sobre a resistencia da xente corrente contra o todopoderoso Tercer Reich, foi condenado ao esquecemento polo réxime nazi e é un dos redescobrimentos máis relevantes das letras alemáns do século XX.

Hoy hubiera preferido no encontrarme a mi misma de Herta Müller (Editorial Siruela). Unha xove costureira foi citada para o seu interrogatorio, o seu crime? Coser notas nos traxes que se van vender en Italia. A nota di: "Casa conmigo" Sería capaz de calquera cousa con tal de saír do país. A Premio Nobel de Literatura Herta Müller desveláanos os horrores do réxime de Nicolae Ceausescu que ella mesma sufriu.



Podedes ampliar esta relación de obras na páxina de literatura infantil e xuvenil alemana do Goethe – Institut de Madrid:

<http://www.goethe.de/ins/es/mad/prj/kuj/esindex.htm>

ou na da New Books in German:

<http://www.new-books-in-german.com/spanish/306/306/129002/liste9.html>

eeeeeeee...

Moi felices vacacións, cheíñas de LIBROOOSSSSS